



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Exercicio e condición física no ámbito do rendemento e a saude		Código	620517010
Titulación	Mestrado Universitario en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde (Interuniversitario)			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	20
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Educación Física e Deportiva			
Coordinación	Iglesias Soler, Eliseo	Correo electrónico	eliseo.iglesias.soler@udc.es	
Profesorado	Iglesias Soler, Eliseo	Correo electrónico	eliseo.iglesias.soler@udc.es	
Web				
Descripción xeral	A materia Exercicio e condición física no ámbito do rendemento e a saúde ten como principal obxectivo aproximar ao alumno ao proceso de investigación dos diferentes compoñentes da condición física tanto desde a perspectiva do rendemento deportivo como desde o enfoque asociado ao exercicio físico para a mellora da saúde e a calidade de vida. Trátase dunha materia optativa á que o estudiante accede tras unha primeira etapa de formación obligatoria na que adquiriría coñecementos e competencias para intervir nun proceso de investigación. Desde esta premisa, a materia ten un enfoque eminentemente procedural e aplicado, onde o alumno aproximarase á dinámica dun grupo de investigación, implicándose nas diferentes tarefas e procedementos. En definitiva, preténdese que o estudiante desenvolva un proceso de prácticas de investigación que lle permitan implementar nun contexto real as competencias adquiridas na formación obligatoria			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizan cambios nos contidos.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen - Traballos tutelados - Análise de fontes documentais</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican - Actividades iniciais. Se levan a cabo mediante videoconferencia a través de Teams - Sesión maxistral. Se levan a cabo mediante videoconferencia a través de Teams - Prácticas de laboratorio. En etapa presencial, esta metodoloxía céntrase na práctica de procedementos experimentais. Na fase non presencial, en caso de confinamento, estará focalizada á xestión e tratamiento de datos - Seminario. Lévase a cabo mediante reunión virtuais mediante o uso de Teams - Presentación oral. Terán lugar mediante a ferramenta Teams</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Indícase ferramenta e temporalización Moodle. Semanalmente apórtanse materiais e tarefas a través desta plataforma. A comunicación de novas faise a través de foro e de quickmail Teams. Titorías individuais e en grupo fanse por este medio con peridicidade semanal. Asemade, créase un equipo cos alumnos para compartir arquivos Correo electrónico. As consultas dos alumnos recibidas por este medio, respóndense nun prazo de 24 horas.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Observacións de avaliación: Tódalas metodoloxías poden desenvolverse a distancia, sen embargo o documento marco da Universidade da Coruña de medidas para a finalización do curso 2019-2020 sinalaba que era pertinente ?Asignar a porcentaxe dedicada na avaliación á asistencia (presencial ou por videoconferencia) a outras metodoloxías?. Por elo aquellas metodoloxías que requiren para a súa avaliación da asistencia (seminario e prácticas de laboratorio) deixan de formar parte da mesma. Os seus porcentaxes pasan a asignarse ó traballo tutelado. Os criterios aquí indicados son de aplicación para a primeira e segunda oportunidade</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Se mantén o recollido na guía orixinal</p>
----------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A2	Desenvolver a capacidade de pensamento científico para a investigación no ámbito da actividade física, saúde e deporte
A4	Mostrar as actitudes vinculadas cos hábitos de excelencia, compromiso ético e calidade no exercicio investigador no ámbito da actividade física, a saúde e o deporte
A5	Coñecer e dominar os procedementos e ferramentas de busca de información, tanto en fontes primarias como secundarias nas Ciencias da Actividade Física e o Deporte
A6	Ser capaz de analizar, organizar, seleccionar, clasificar e compilar a información recollida no ámbito da actividade física, a saúde e o deporte



A7	Valorar, manexar e combinar as diferentes técnicas de investigación nas Ciencias da Actividade Física, o deporte e a saúde.
A9	Ser capaz de deseñar e implementar un traballo de investigación nas Ciencias da Actividade Física e o Deporte
A10	Manexar paquetes informáticos para a introdución e análise dos datos recollidos no ámbito da actividade física, a saúde e o deporte
A11	Ser capaz de seleccionar de forma correcta os modelos de análise de datos apropiados para os deseños de investigación más utilizados no ámbito da actividade física, a saúde e o deporte
A13	Executar as técnicas de análise estatístico más utilizadas na investigación no ámbito da actividade física, a saúde e o deporte.
A16	Ser capaz de incorporar novas tecnoloxías e integrar coñecementos doutros ámbitos profesionais e científicos.
A17	Ser capaz de participar en proxectos de investigación no ámbito da actividade física, a saúde e o deporte.
A18	Desenvolver de maneira eficaz tarefas propias do deseño, implementación, análise e publicación de traballos relacionados co estudio do exercicio e a condición física nos ámbitos do rendemento e a saúde.
B1	Posuér e comprender coñecementos que aporten unha base u oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
B2	Saber aplicar os coñecementos adquiridos e ser capaz de resolver problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos más amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudio.
B3	Integrar coñecementos e afrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B5	Desenvolver habilidades para a aprendizaxe autodirixido ou autónomo.
B6	Coñecer e comprender o campo de estudio da actividade física, saúde e deporte, adquirindo un suficiente de habilidades e métodos de investigación en dicha área.
B7	Ser capaz de idear, deseñar, poñer en práctica e adoptar un proceso de investigación con rigor académico no ámbito de estudio da actividade física, saúde e deporte.
B9	Analizar de forma crítica, avaliar e sintetizar ideas novas e complejas no ámbito de estudio da actividade física, da saúde e o deporte.
C1	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información disponible para a resolución de problemas.
C2	Comunicar eficazmente nos ámbitos académicos e divulgativos ideas e conceptos vinculados cos estudos da actividade física, a saúde e o deporte
C3	Ser capaz de promover en contextos académicos e profesionais accións destinadas ó avance tecnolóxico, social ou cultural, no el ámbito das ciencias da actividade física, a saúde e o deporte.
C4	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida

## Resultados da aprendizaxe

## Resultados de aprendizaxe

## Competencias / Resultados do título

Coñecer e saber utilizar as técnicas de investigación no ámbito exercicio e condición física no ámbito do rendemento e a saúde	AI2 AI4 AI5 AI7 AI11 AI16	BI1 BI2 BI6 BI7 BI9	CI1 CI2 CI3 CI4
Saber realizar un deseño de investigación para a análise do exercicio e condición física no ámbito do rendemento e a saúde	AI9 AI17 AI18	BI2 BI3 BI5	CI1 CI2 CI3
Saber analizar os resultados e interpretalos	AI4 AI6 AI10 AI13 AI16	BI3 BI5	CI4



Contidos	
Temas	Subtemas
O método científico no estudo do exercicio e condición física no ámbito do rendemento e a saúde	
Deseños de investigación para a análise do exercicio e da condición física no ámbito do rendemento e a saúde	
Implementación dun deseño para a análise do exercicio e a condición física no ámbito do rendemento e a saúde	
Recollida e procesamento de datos correspondentes a un deseño para a análise do exercicio e da condición física no ámbito do rendemento e a saúde	
Comunicación oral e escrita dun deseño para a análise do exercicio e da condición física no ámbito do rendemento e a saúde	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A4 A7 A11 B1 B3 B7 C2 C3	8	0	8
Prácticas de laboratorio	A2 A4 A7 A9 A10 A16 A17 A18 B6 B7 C1 C4	60	50	110
Seminario	A2 A4 A5 A6 A13 B2 B5 B9 C2 C3	15	15	30
Actividades iniciais	A6 A11 A18 B2 B3 B6 B9 C1	15	0	15
Traballos tutelados	A2 A5 A6 A7 A9 A10 A11 A13 A16 A17 A18 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B9 C1 C3 C4	0	200	200
Presentación oral	A4 A5 A6 A7 A9 A10 A11 A18 B2 B3 B5 B9 C1 C2 C4	2	15	17
Análise de fontes documentais	A2 A5 A6 B1 B3 B5 B6 B9 C1 C4	0	120	120
Atención personalizada		0		0

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Exposición dos contidos da materia, con soporte audiovisual. A pesar das características concretas desta metodoloxía, buscarase a implicación activa do alumno, así como a significación das aprendizaxes
Prácticas de laboratorio	Realización práctica de procedementos experimentais (recollida e xestión de datos) e formación no manexo de instrumentos de investigación
Seminario	Reunións e actividades de grupo de investigación para abordar os diferentes proxectos e iniciativas en marcha: seguimentos de experimentos, análises de artigos, exposición de traballos (comunicacións en congresos, artigos en preparación etc.).
Actividades iniciais	Resolución de dúbidas e seguimiento de traballos



Traballos tutelados	<p>Consistirá na elaboración dunha memoria das actividades presenciais e non presenciais levadas a cabo. Das primeiras o alumno elaborará un diario pormenorizado e reflexivo das tarefas realizadas: sesións maxistrais, prácticas de laboratorio, reunións de grupo de investigación e titorías en grupo reducido. Respecto das segundas, o alumno deberá realizar unha descripción detallada do trabajo non presencial requerido: procura bibliográfica levada a cabo, tratamiento e xestión de datos, elaboración da memoria etc. O alumno podrá incorporar as evidencias de cada unha das actividades que considere oportunas (documentos, diapositivas etc). A memoria conterá polo menos os seguintes apartados:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Descripción/Diario das actividades presenciais con xustificación das horas de trabalho cumplimentadas</li><li>- Descripción das actividades non presenciais desenvolvidas</li><li>- Resultados dunha revisión bibliográfica. Devandito procedemento sería encamiñado á preparación do trabalho fin de máster e á elaboración do deseño de investigación que se incluirá na presente memoria. O alumno neste apartado simplemente presentará os resultados da procura: bases de datos consultadas, palabras craves empregadas, número de referencias iniciais, criterios de inclusión/exclusión e listaxe de referencias finalmente seleccionadas</li><li>- Deseño de investigación. Debereise elaborar un proxecto de investigación no campo de estudio da materia</li></ul>
Presentación oral	Análise do trabalho tutelado, con especial énfase na exposición de deseño de investigación
Análise de fontes documentais	Consistirá na análise de artigos referidos ao estudo da condición física nos ámbitos de rendemento de portivo e exercicio físico para a mellora da saúde. Poñerase especial énfase no estudo de traballos en lingua inglesa de publicacións incluídas en JCR. Compromete un importante trabalho do alumno, quen analizará a documentación achegada polo profesor ou localizada polo propio estudiante, para posteriormente proceder á súa discusión nas titorías e reunións de grupo. Así mesmo inclúense as tarefas de revisión bibliográfica requirida para a elaboración do aparato correspondente do trabalho tutelado

#### Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Actividades iniciais	Calquera das metodoloxías expostas requirirán no seu desenvolvemento de atención personalizada. Con todo, o trabalho tutelado pola súa estrutura requirirá o desenvolvemento sistemática de titoría individuais co seguinte contido:
Traballos tutelados	
Presentación oral	<ul style="list-style-type: none"><li>- Explicación da estrutura da memoria</li><li>- Selección da temática da procura bibliográfica e do deseño de investigación</li><li>- Estruturación da memoria nos seus apartados de actividades presenciais e non presenciais</li><li>- Supervisión dos resultados da procura bibliográfica</li><li>- Supervisión do deseño de investigación.</li></ul> <p>En canto á Presentación Oral, levarán a cabo unha primeira titoría para establecer a estrutura da presentación e unha segunda sesión de orientación para supervisar os aspectos formais da mesma</p> <p>As actividades iniciais corresponde a titoría individuais ou en grupo reducido para aclarar e especificar aspectos ao comezo do desenvolvemento das diferentes tarefas da materia: incorporación ao grupo, tarefas nas prácticas de laboratorio, funcións nos seminario ou reunións de grupo e orientacións respecto ao traballo autónomo a desenvolver en cada caso</p>

#### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Prácticas de laboratorio	A2 A4 A7 A9 A10 A16 A17 A18 B6 B7 C1 C4	O alumno deberá acumular polo menos o 70% da carga presencial para contabilizar este apartado	5



Seminario	A2 A4 A5 A6 A13 B2 B5 B9 C2 C3	O alumno deberá acumular polo menos o 70% da carga presencial para contabilizar este apartado	5
Traballos tutelados	A2 A5 A6 A7 A9 A10 A11 A13 A16 A17 A18 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B9 C1 C3 C4	Valoraranse:  - Calidade da presentación formal - Rigor e precisión no rexistro das actividades realizadas - Procura bibliográfica sistematizada e axustada - Calidade do deseño de investigación: orixinalidade, viabilidade e nivel de concreción	70
Presentación oral	A4 A5 A6 A7 A9 A10 A11 A18 B2 B3 B5 B9 C1 C2 C4	Valoraranse:  - Calidade da comunicación verbal - Calidade no emprego de Tics	20

#### Observacións avaliación

Para superar a materia será imprescindible lograr o apto e no traballo tutelado. Salvo que tivese lugar un cambio no sistema de avaliación, a cualificación obtida nos diferentes apartados conservarase en posteriores oportunidades. En cada oportunidade, o non concorrer a algún dos apartados da avaliación pendentes de superación, e que sexan requisito para poder obter o apto na materia (traballo tutelado) implicará a cualificación do alumno como non presentado.

#### Fontes de información

Bibliografía básica	- ().. A bibliografía será recomendada individualmente a cada alumno en función do proxecto para desenvolver dentro do traballo tutelado
Bibliografía complementaria	

#### Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

#### Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías